2024

MEMORIA XERAL DE ACTIVIDADES

Coruña Alcer
Asociación para a Loita Contra as Enfermidades de Ril

info@alcercoruna.org / 981.29.87.59

Lugar As Xubias, 84

Hotel de Pacientes do CHUAC. Planta 4

15.006 - A Coruña

ÍNDICE

1. ALCER CORUÑA ... 3
1.1. RECURSOS HUMÁNS DE ALCER CORUÑA ... 4
2. SERVIZOS E PROGRAMAS DE ALCER CORUÑA ... 5
2.1. SERVIZO DE ORIENTACIÓN E INFORMACIÓN (SIO) ... 5
2.1.1. Datos totais SIO 2024 ... 6
2.1.2. Espazo Asociativo do Paciente – CHUS ... 7
2.1.3. Programa intervención social Diaverum Santiago ... 7
2.1.4. Proxecto de intervención social en HM – La Esperanza ... 8
2.1.5. Grupo de persoas con ERC "Tardes con Alcer" ... 9
2.1.6. Obradoiros para persoas con ERC e familiares ... 9
2.1.7. Outras actividades do programa ... 11
2.2 PROGRAMA ACTIVATE CON ALCER ... 11
2.3 PROGRAMA ALCER 7 VIDAS ... 12
2.3.1 Obradoiros e mesas informativas ... 12
2.3.2. Día Mundial do Ril ... 14
2.3.3. Día do Doante Órganos ... 15
2.4. PROGRAMA DE VOLUNTARIADO ... 16
2.4.1 Encontro e formación ao voluntariado de Alcer Coruña ... 16
2.4.2 Chamadas de seguimento as persoas socias ... 16
3. ACTIVIDADES PARA PERSOAS SOCIAS DE ALCER CORUÑA ... 17
4. COHESIÓN ASOCIATIVA ... 17
4.1 FEDERACIÓN NACIONAL ALCER ... 17
4.2 FEDERACIÓN ALCER GALICIA ... 18
4.2.1 Obradoiros ... 18
4.2.2 Encontro interxeneracional de Panxón ... 19
4.2.3 Encontro do programa Medro con Alcer ... 19
4.2.4 VI Xornadas de persoas con ER de Galicia ... 20
4.2.5 Recollida de tapóns solidarios ... 20
4.3 COGAMI ... 20
4.4 OUTRAS ENTIDADES ... 21
4.4.1 Concello de Ferrol ... 21
4.4.2 Concello de Culleredo ... 21
4.4.3 UDC Saudable ... 21
4.4.4 Proxecto ENKI ... 22
4.4.5 Escola Universitaria de Traballo social (USC) ... 22
5 COMUNICACIÓN ... 22

1. ALCER CORUÑA

A Asociación para a Loita contra as Enfermidades de Ril, Alcer Coruña, nace no ano 1976 co firme propósito de mellorar a calidade de vida das persoas con enfermidade renal. Na súa orixe, loitaba porque todo paciente renal tivese acceso a un tratamento de diálise, fundamental para a súa supervivencia. Anos despois, Alcer Coruña, traballando conxuntamente co resto de Alceres provinciais, converteuse no principal precursor da actual lei de transplantes.

Hoxe en día, e unha vez superados aspectos de actuación sanitaria vital, Alcer é unha das entidades que máis claramente apostan por traballar optimizando os recursos sanitarios, baixo o convencemento de que a atención ás persoas con enfermidades crónicas non pode centrarse só nos factores da enfermidade, senón que é necesario o desenvolvemento de redes de apoio psicosociais con áreas de actuación integrais no campo da asistencia sanitaria, a protección e o benestar social.

Baseándose nestes principios, **Alcer Coruña persegue asegurar a maior calidade de vida, participación e independencia posible nas persoas con enfermidade renal crónica** (en diante ERC) **e as súas familias**, a través da concreción das seguintes actuacións marcadas nos seus estatutos:

- A asistencia e información aos enfermos de ril e outras doenzas descritas nos aspectos sanitarios e sociais, especialmente en todo o que ten que ver coa asistencia por facultativos e persoal sociosanitario especializado.
- A realización de todo tipo de accións de sensibilización e fomento da doazón de órganos e tecidos.
- A atención en procesos de rehabilitación psicosocial e inclusión laboral e social, das persoas con discapacidade xerada por doenzas crónicas susceptíbeis de transplante.
- A promoción de servizos de atención á dependencia.
- A execución de todas as actividades culturais, de ocio e deportivas que faciliten a participación e atención sociosanitaria do colectivo.
- O fomento da investigación dos problemas que suscitan as enfermidades de ril nos seus aspectos médicos, asistenciais e socioeconómicos, así como a prevención das mesmas.
- A divulgación popular das necesidades deste colectivo, as súas posibles solucións e os seus múltiples aspectos sociais e xurídicos.
- A realización de actuacións encamiñadas ao fomento e participación do voluntariado.
- O establecemento de servizos propios de asesoramento laboral, educativo, asistencia social e psicolóxica, máis todos aqueles que se consideren necesarios para unha atención integral.
- A colaboración con todas aquelas persoas e entidades, públicas ou privadas, onde se realicen actividades que poidan conducir á consecución dos fins da asociación.
- Calquera outro que, de modo directo ou indirecto, poida contribuír á realización dos fins da asociación.

1.1. RECURSOS HUMÁNS DE ALCER CORUÑA

XUNTA DIRECTIVA	EQUIPO TÉCNICO
Presidencia: Rafael Rodríguez **Secretaría:** Francisco Encinar **Vicepresidencia:** Alfredo Saborido e Iria Catoira **Tesourería:** María José Brión **Vogais:** - Julia Redondo - José Daniel Rodríguez - Ramón Rodríguez - Rocío Sampedro - Mario López - Martín Flores - Vanessa Enríquez	**Xerencia / Traballo Social**: Alfredo Saborido **Administración**: Ana Transmonte **Persoal de apoio oficina Coruña**: Francisco Encinar **Terapia Ocupacional:** Jessica Antelo **Traballo Social**: Nerea Álvarez (xaneiro a outubro), Marta Amigo (xaneiro a maio), Ángela Breijo, Mónica Conde (desde outubro) Ayelén Etchegaray (xaneiro a outubro), Ana García (desde outubro), Laura Grobas (desde maio), Beatriz Vega (xaneiro a outubro) e Cristina López (decembro)
EQUIPO DE VOLUNTARIADO Formado por un total de 115 persoas	
PERSOAS SOCIAS 434 persoas socias: 246 homes e 188 mulleres	

2. SERVIZOS E PROGRAMAS DE ALCER CORUÑA

2.1. SERVIZO DE ORIENTACIÓN E INFORMACIÓN (SIO)

A través deste programa, Alcer Coruña ofreceu ás persoas con ERC e familiares diversa información, orientación e asesoramento sobre a enfermidade renal, recursos, prestacións e/ou servizos que foran de interese e beneficiosos para o colectivo.

Na seguinte táboa explicativa pódese comprobar por áreas sanitarias o equipo técnico asignado a cada unha e os servizo de Nefroloxía pertinentes:

ÁREA SANITARIA	EQUIPO TÉCNICO ASIGNADO	SERVIZO VISITADO
SANTIAGO E BARBANZA	Traballadoras sociais Ayelén Etchegaray Mónica Conde Laura Grobas	Unidade de hemodiálise HM La Esperanza Unidade de hemodiálise Diaverum Santiago Unidade de hemodiálise CHUS Consulta ERCA CHUS Consulta diálise peritoneal CHUS Consulta de transplante CHUS Unidade de hemodiálise Hospital do Barbanza
A CORUÑA E CEE	Traballadoras sociais Beatriz Vega Nerea Álvarez Laura Grobas Ana García Cristina López	Unidade hemodiálise Hospital San Rafael Unidade hemodiálise Hospital Quirón Salud Unidade de hemodiálise CHUAC Consulta diálise peritoneal CHUAC Consulta de transplante CHUAC Consulta ERCA CHUAC Unidade de hemodiálise Hospital Virxe da Xunqueira de Cee
FERROL	Traballadora social Ángela Breijo	Unidade hemodiálise Hospital Ribera - Juan Cardona Unidade hemodiálise CHUF Consulta de diálise peritoneal CHUF Consulta ERCA CHUF

Durante o ano 2024, **realizáronse** un total **de 938 visitas periódicas aos centros hospitalarios**: 883 ás unidades de hemodiálise, 16 ás consultas ERCA, 21 ás Consulta de Diálise Peritoneal e 14 ás consultas de Transplante; mantendo as condicións de acceso preventivas de cada centro sanitario, xa que as persoas con ERC continúan a ser un colectivo de risco fronte ao contaxio da Covid-19.

ALCER. Asociación para a Loita Contra as Enfermidades de Ril G-15058647
Rexistro único de entidades prestadoras de Servizos Sociais E-11

2.1.1. Datos totais SIO 2024

No ano 2024, a través do programa SIO **atendéronse un total de 1.102 persoas** das cales, 656 eran homes e 446 mulleres.



A 31 de decembro do ano 2024 ás persoas con ERC atendidas (82 casos se pecharon durante o ano e non están incluídos no seguinte gráfico) durante o ano atopábanse nos seguintes tratamentos renais substitutivos ou consultas de Nefroloxía:



	Consulta de Nefroloxía	Control en Atención Primaria	Diálise peritoneal automatizada	Diálise Peritoneal manual	Consulta ERCA	HD Hospitalaria	HD Domiciliaria	Transplante de doante cadáver	Transplante de doante vivo
Home	6	0	6	0	22	402	3	119	10
Muller	13	2	1	7	22	210	2	80	9

2.1.2. Espazo Asociativo do Paciente – CHUS

Desde principios do ano 2017 é posible a atención psicosocial ás persoas con ERC e aos seus familiares no espazo asociativo do CHUS. A nosa atención ao público realizouse os martes e mércores en horario de 09:00 a 12:00 horas.

Ademais, nese mesmo espazo, lévase a cabo a consulta de Intervención Social de Enfermidade Renal Crónica Avanzada, Consulta ERCA, para aquelas persoas que se atopan no estadio 4 ou 5 da área sanitaria de Santiago – Barbanza. Esta labor realizouse coa colaboración do equipo de enfermaría de dita consulta, xa que foi o responsable de realizar as derivacións daqueles casos que precisaron intervención por parte da traballadora social de Alcer Coruña. As intervencións versaron, principalmente sobre a orientación, información e tramitación de prestacións, axudas e/ou recursos sociosanitarios e sobre os tratamentos renais substitutivos.

ÁREA DE TRABALLO SOCIAL – CONSULTA ERCA
1 nova derivación recibida
3 novas persoas usuarias atendidas
21 intervencións e seguimentos de casos de anos anteriores

2.1.3. Programa intervención social Diaverum Santiago

Ao longo do ano 2024, continuouse **o programa de intervención psicosocial na Clínica Diaverum Santiago e atendéronse 120 persoas.** Dito programa realizouse a través da supervisión por parte da xefatura de Nefroloxía e a supervisora de Enfermería xunto coa traballadora social de Alcer Coruña e dous membros do equipo sanitario da clínica, sobre a atención psicosocial. Estes últimos son os encargados de analizar as necesidades psicosociais das persoas que acoden ao tratamento que son derivados polo resto do equipo sanitario (equipos de auxiliares de Enfermaría e equipo de Enfermaría) para logo poñer en común nas reunións semanais de coordinación.

Ademais, en colaboración coa Federación Alcer Galicia realizáronse intervencións nutricionais e psicolóxicas naqueles casos detectados de ditas necesidades.

PROFESIONAL DE ATENCIÓN	CASOS ATENDIDOS
Dietista – nutricionista	**8**
Psicóloga	**3**

Por outra banda**, leváronse a cabo 2 campañas informativas** dirixidas ás familias das persoas que realizan alí o tratamento; unha sobre hábitos de vida saudables que promovan o coidado da saúde renal e outra para sensibilización sobre doazón de órganos e transplante. Ademais, realizáronse fotografías conmemorativas polo día Mundial do Ril e o Día do Doante de Órganos.

2.1.4. Proxecto de intervención social en HM – La Esperanza

Durante o no ano 2024 continuouse co **programa de intervención psicosocial no hospital HM – La Esperanza** (Santiago de Compostela) **e atendéronse a 108 persoas.**

As necesidades psicosociais detectadas foron recollidas e atendidas polo equipo técnico de Alcer Coruña en función da necesidade e avaliadas de xeito multidisciplinar. Aquelas necesidades que así o requiriron, foron derivadas a servizos sociais comunitarios ou outros recursos da contorna das persoas usuarias. Tamén se realizaron valoracións funcionais por parte da Terapeuta Ocupacional da entidade para coñecer o grao de independencia na realización das actividades da vida diaria.

Por outra banda, **leváronse a cabo 2 campañas informativas** dirixidas ás familias das persoas que realizan alí o tratamento; unha sobre hábitos de vida saudables que promovan o coidado da saúde renal e outra para a sensibilización sobre doazón de órganos e transplante.

Ademais, realizáronse fotografías conmemorativas polo día Mundial do Ril e o Día do Doante de Órganos.

2.1.5. Grupo de persoas con ERC “Tardes con Alcer”

Durante o ano 2024 realizáronse **26 sesións** grupais para persoas con ERC do grupo de axuda mutua “Tardes con Alcer”. Estes grupos tiveron como obxectivo principal ser unha canle de apoio mutuo a través da cal compartir vivencias e inquedanzas provocadas pola convivencia cunha enfermidade crónica. Estas sesións foron guiadas polas traballadoras de cada delegación e participaron un total de **42 persoas.**

2.1.6. Obradoiros para persoas con ERC e familiares

Durante o ano 2024 leváronse a cabo diversos obradoiros de interese para as persoas con ERC e familiares:

- **Ti podes". Estratexias para ser máis independentes na vida cotiá**

Jessica Antelo, Terapeuta Ocupacional, impartiu 3 obradoiros coa finalidade de dar a coñecer ás persoas participantes as ferramentas necesarias para a promoción e adquisición de habilidades sociais e formativas para a realización de

actividades básicas da vida diaria; así como, información e modo de emprego de diversos produtos de apoio. A estas formacións **asistiron un total de 28 persoas** e realizáronse nas cidades da Coruña, Narón e Santiago de Compostela.

- **Manexo útil de dispositivos móbiles**

Durante este ano impartiuse un obradoiro en cada delegación para fomentar a autonomía das persoas asistentes na súa comunicación mediante aplicacións de videochamadas e as aplicacións da Administración Pública: Google Meets, E-saúde, Chave365, certificado dixital, entre outras.

28 persoas vencelladas a Alcer Coruña **se beneficiaron desta formación.**

- **Papel da farmacia comunitaria para mellorar a adherencia do paciente**

O xoves 27 de xuño, en Santiago de Compostela, o presidente da SEFAC (Sociedade Española de Farmacia Comunitaria) Javier Chantada, impartiu unha **formación sobre a importancia da adherencia terapéutica.** A esta formación **acudiron 8 persoas** vencelladas a Alcer Coruña.

- **Exercicio físico en persoas con enfermidade renal**

O mércores 18 de setembro levouse a cabo o obradoiro de exercicio físico para persoas con ERC. Os obxectivos principais desta formación foron coñecer os beneficios da actividade física diaria e os principais exercicios de mantemento; así como as precaucións a ter en conta antes de comezar a realizalos para evitar posibles lesións. Neste obradoiro participaron un total de **7 persoas.**

2.1.7. Outras actividades do programa

- **Actividades ocio para persoas con ERC e as súas familias**

O domingo 29 de setembro celebrouse o **III torneo solidario de Pitch And Putt cunha comida posterior** no club de golf Tambre (Concello de Oroso). Durante a xornada ás persoas asistentes desfrutaron de tempo de lecer creando sinerxías e unha pequena clase de iniciación ao Pitch And Putt.

2.2 PROGRAMA ACTIVATE CON ALCER

O programa "**ACTÍVATE**" desenvolveuse especialmente coas persoas que acoden ao tratamento de hemodiálise nas unidades da clínica Diaverum – Santiago e na clínica HM – La Esperanza xa que se contou coa presenza habitual da terapeuta ocupacional, Jessica Antelo, mentres que no resto de centros da provincia a intervención realizouse mediante derivación.
No programa "**ACTÍVATE**" actuouse de maneira específica nas dificultades emerxentes en relación á autonomía e independencia á hora de realizar as actividades da vida diaria: aseo e hixiene persoal, mobilidade, vestido, alimentación, toma de medicación, ocio e tempo libre,

etc. para tentar compensar e/ou rehabilitar as dificultades que xorden como consecuencia da enfermidade renal e da propia hemodiálise.

O fin principal deste programa foi **poder aproveitar o tempo do tratamento de hemodiálise na realización de actividades terapéuticas e significativas enfocadas nas necesidades reais das persoas usuarias** e que permitiran a participación da persoa en todas as esferas do seu día a día e, polo tanto, se vise mellorado o seu benestar e calidade de vida.

As actividades que se levaron a cabo, estiveron **adaptadas ás características individuais de cada persoa,** tras valorar se ante unha determinada tarefa (por exemplo no vestido a persoa usuaria é dependente, independente ou se tan só precisa axuda ou asesoramento para poder levala a cabo).

NÚMERO DE PERSOAS ATENDIDAS 2024	
CENTRO SANITARIO	**PERSOAS ATENDIDAS**
HM - La Esperanza	27 homes e 14 mulleres
Hospital Quirón Salud	2 homes
Hospital do Barbanza	1 home
Hospital San Rafael	1 muller
CHUS	4 homes e 1 muller
Hospital Ribera - Juan Cardona	1 home
Diaverum Santiago	51 homes e 22 mulleres
CHUAC	1 home e 2 mulleres
TOTAL	**87 homes e 40 mulleres**

2.3 PROGRAMA ALCER 7 VIDAS

O programa Alcer 7 vidas ten como principal finalidade a **visibilidade e sensibilización da doazón de órganos entre a poboación xeral, así como, promover hábitos de vida saudables que protexan a saúde renal.**

2.3.1 Obradoiros e mesas informativas

Durante o ano 2024 desenvolvéronse os seguintes obradoiros, grazas aos cales achegamos a importancia da doazón de órganos e a prevención da enfermidade renal a **491 persoas** e solicitáronse un total de **34 tarxetas de doante de órganos.**

LUGAR	DATA	PERSOAS DESTINATARIAS
IES Moncho Valcarce (As Pontes)	9 e 24 de xaneiro	Alumnado: 73 37 homes 36 mulleres
IES Eduardo Blanco Amor (Culleredo)	12 de xaneiro	Alumnado: 90 48 homes 42 mulleres
CPR A Milagrosa (Santiago de Compostela)	23 de xaneiro	Alumnado: 22 14 homes 8 mulleres
CEIP A Solaina (Narón)	25 de xaneiro	Alumnado: 50 31 homes 19 mulleres
IES Oroso (Oroso)	15 de febreiro	Alumnado: 65 45 homes 20 mulleres
Facultade de Enfermaría (Santiago de Compostela)	29 de febreiro	Alumnado: 9 1 home 8mulleres
IES Alfredo Brañas (Carballo)	16 de abril	Alumnado: 15 9 homes 6 mulleres
SD Compostela	19 de abril	28 homes

(Santiago de Compostela)		
CIFP Compostela (Santiago de Compostela)	2 de maio	Alumnado: 18 16 homes 2 mulleres
Centro Ocupacional A Escada (Culleredo)	24 de setembro	Alumnado: 14 7 homes 7 mulleres
Facultade de Enfermaría (UDC – Campus de Ferrol)	16 de outubro	Alumnado: 65 16 homes 65 mulleres
Asociación veciñal de Lamas (San Sadurniño)	17 de outubro	Oíntes: 20 7 homes 13 mulleres
E. U. de Traballo Social (USC)	25 de novembro	Alumnado: 14 4 homes 10 mulleres

Por outra banda, leváronse a cabo as seguintes **mesas informativas chegando a un total de 1.040 persoas:**

- Durante o partido do SD Compostela e o UP Langreo o 17 de marzo.
- Na III Feira de Saúde e Benestar do concello de Ames o 13 de abril.
- Tralo convite á Grada Social entre o Obradoiro CAB e o Básquet Club Andorra o 4 de maio.
- Na Festa da Familia de Eirís (A Coruña) o 3 setembro.
- Mesas informativas na farmacia Antucho Espinosa no Concello de Ames o 24 de outubro.

Ademais, **leváronse a cabo dúas campañas informativas**, unha para difundir hábitos de vida saudables e outra para promocionar a doazón de órganos, nas farmacias dos concellos de: Ames, A Coruña, As Pontes, Carballo, Cambre, Culleredo, Ferrol, Narón e Santiago Compostela.

2.3.2. Día Mundial do Ril

Como cada ano, o segundo xoves de marzo conmemorouse o Día Mundial do Ril.

A celebración deste día sempre ten como finalidade sensibilizar á poboación xeral da importancia de coidar a saúde renal, a través do fomento de hábitos de vida saudables.

Para conmemorar este día, Alcer Coruña realizou as seguintes actividades:

2.3.3. Día do Doante Órganos

O mércores 5 de xuño conmemorouse o Día do Doante de Órganos cuxo obxectivo principal é homenaxear a todas as persoas doadoras anónimas que grazas ao seu xesto altruísta permitiron seguir vivindo ou mellorar a calidade de vida de moitas persoas a través dun transplante. Desde Alcer Coruña leváronse a cabo as seguintes actividades:

2.4. PROGRAMA DE VOLUNTARIADO

2.4.1 Encontro e formación ao voluntariado de Alcer Coruña

O sábado 19 de outubro celebrouse no Centro Cívico Virginia Blanco (Culleredo) o **II Encontro do Voluntariado** de Alcer Coruña. Durante esta xornada **as 13 persoas asistentes** recibiron a formación anual para o equipo de voluntariado que nesta ocasión se centrou en habilidades sociais seguido dun xantar. Grazas a esta actividade, compartíronse vivencias relacionadas coa enfermidade renal e o beneficio social que promove o voluntariado.

2.4.2 Chamadas de seguimento as persoas socias

Durante o ano 2024 continuo activa de difusión das actividades ás persoas socias a través do equipo de voluntariado. Participaron 3 persoas e a finalidade foi previr o illamento social do colectivo.

2.5. PROGRAMA DE EXERCICIO INTRA-DIÁLISE NO HOSPITAL QUIRÓN

Durante o ano 2024 Alcer Coruña, en colaboración co Hospital Quirón da Coruña, puxo en marcha o programa de exercicio físico intra-diálise coa finalidade de mellorar a calidade de vida das persoas usuarias do servizo. Este proxecto beneficiou a 12 persoas quenes contaron cunha valoración inicial para poder realizar a actividade sen riscos para a súa saúde. O persoal sanitario foi o encargado de realizar as sesións guiadas de exercicio na sala de diálise dous días á semana durante as horas de tratamento, cunha duración determinada á capacidade física de cada persoa. Finalmente, levouse a cabo unha valoración individual final para poder facer unha avaliación sobre os beneficios obtidos durante o tempo de execución do mesmo.

3. ACTIVIDADES PARA PERSOAS SOCIAS DE ALCER CORUÑA

- **Asemblea Xeral Ordinaria e Extraordinaria** realizada no Hotel Crunia (Culleredo) durante a mañá do domingo 3 de marzo. Trala asemblea as persoas asistentes desfrutaron dun xantar conxunto no cal fomentaron as súas redes sociais.

- **Xantar de Nadal de Alcer Coruña:** celebrouse o domingo 1 de decembro no local da Sociedade Recreativa e Deportiva de Canido (Ferrol). As persoas asistentes desfrutaron dun xantar e de varios sorteos que amenizaron a tarde.
- **Envío informativo semanal:** realizáronse 52 envíos os venres a través de correo electrónico e/ou WhatsApp. Grazas a esta actividade ás persoas socias da entidade recibiron información actualizada sobre a propia doenza e acerca de actividades beneficiosas para o colectivo. Ademais, durante o ano 2024 realizáronse **4 boletíns informativos** enviados de maneira trimestral xunto coa revista editada pola Federación Nacional Alcer.

4. COHESIÓN ASOCIATIVA

4.1 FEDERACIÓN NACIONAL ALCER

- Difusión aos menores con ERC da provincia sobre a celebración do **Campamento CRECE**, específico para menores con ERC.
- **Congreso Nacional de Personas Renales** (XXXVII Xornadas para Persoas con Enfermidade Renal) celebradas os días 26 e 27 de outubro en Salamanca ás cales asistiu en representación del Alcer Coruña, Rafael Rodríguez e María José Brión, como parte da Xunta Directiva da entidade, xunto con outras persoas vinculadas á entidade.
- **Participación en campañas en redes sociais** para o fomento da doazón de órganos e promover o coidado da saúde renal.
- **Participación no grupo de traballo, Okúpate con Alcer,** cuxa finalidade é promover a inclusión laboral das persoas con ERC.
- **Participación no grupo de traballo sobre Discapacidade**, cuxa finalidade e velar polos dereitos das persoas con ERC e o cumprimento da normativa vixente sobre o Recoñecemento do Grao.

4.2 FEDERACIÓN ALCER GALICIA

4.2.1 Obradoiros

- **Os nosos dereitos.**

O 22 de febreiro no Centro Cívico de San Diego (A Coruña) levouse a cabo un obradoiro para dotar ás 9 persoas asistentes dos coñecementos necesarios sobre a mediación, reclamacións e suxestións ante a Administración Pública.

- **Cociña renal saudable. Programa e prepara o teu menú semanal**

Nerea Nogueira, dietista – nutricionista da Federación Alcer Galicia (en diante, FAG), impartiu 3 obradoiros, un en cada delegación da entidade, que contaron cunha **participación de 48 persoas.** Os obxectivos principais dirixíronse a dar ás persoas asistentes as ferramentas necesarias para coñecer os pilares da nutrición e a cociña de aproveitamento. Ademais, constou dunha parte práctica na cal se elaborou un menú de aproveitamento apropiado para o colectivo.

- **Funcionamento familiar na ERC**

Patricia Casal, psicóloga da FAG, impartiu dous obradoiros, un na Coruña e outro en Ferrol, para dar a coñecer como afecta a ERC no entorno familiar e como mellorar as relacións familiares nesta situación. **Acudiron 23 persoas** a esta formación.

Ademais, a nivel interno, as profesionais da entidade participaron nunha formación impartida por Patricia Casal, Psicóloga da FAG, coa finalidade de mellorar a atención prestada ás persoas usuarias. Esta formación, *Mellora das capacidades profesionais na atención ás persoas usuarias,* desenvolveuse a mañá do 8 de maio no edificio CABES (Santiago de Compostela).

4.2.2 Encontro interxeneracional de Panxón

Entre os días 17 ao 19 de maio, **16 persoas pertencentes a Alcer Coruña desfrutaron dunha fin de semana** chea de actividades na residencia de ocio e tempo de Panxón (Nigrán).

4.2.3 Encontro do programa Medro con Alcer

O domingo 19 de maio celebrouse o encontro de menores con ERC de Galicia en Panxón (Nigrán). Durante esta xornada as familias de menores con ERC compartiron experiencias e crearon sinerxías sobre a patoloxía ao mesmo tempo que escoitaban ás persoas poñentes falar de diversas temáticas vencelladas á ERC. Os e as menores, pola súa banda, desfrutaron de actividades lúdico – formativas.

4.2.4 VI Xornadas de persoas con ER de Galicia

O sábado 16 de novembro celebráronse as **VI Xornadas de Persoas con ER** na Consellería de Sanidade (Santiago de Compostela). Estas xornadas celebráronse en horario de mañá e tarde e versaron sobre información acerca da enfermidade renal ao mesmo tempo que se lles ofreceu ás persoas asistentes un espazo común para compartir inquedanzas e vivencias. Nestas xornadas **participaron 32 persoas** con ERC, familiares e poboación xeral interesada vencelladas a Alcer Coruña. Estas xornadas celebráronse grazas ás persoas que realizaron as presentacións, así como ás entidades e empresas colaboradoras.

4.2.5 Recollida de tapóns solidarios

A través da colaboración entre a Federación Alcer Galicia e a entidade Art for Dent, Alcer Coruña continuou colaborando na recollida de tapóns solidarios a favor da asociación anteriormente mencionada, para fomentar a investigación da enfermidade de Dent que, entre outras patoloxías, pode provocar ERC.

4.3 COGAMI

- **Participación na campaña realizada en Ferrol e Santiago para visibilizar o impacto de marcar o X Solidario da declaración da renda 2023.**
- O xoves 19 de setembro realizouse o **paseo no veleiro Gavea pola ría de Muxía** ao cal asistiron 5 persoas de Alcer Coruña.

- Participación de Ana Mato, vogal da Xunta Directiva de Alcer Coruña, na **asemblea ordinaria e extraordinaria de Cogami – Coruña**.
- Participación na **XXXIV Asemblea Xeral de Cogami** celebrada o mércores 24 de maio de Rafael Rodríguez, presidente da entidade.

4.4 OUTRAS ENTIDADES

4.4.1 Concello de Ferrol

- Participación de Rafael Rodríguez, presidente da entidade, na campaña de difusión nos autobuses da cidade polo *Día da Discapacidade* promovido polo Concello.

4.4.2 Concello de Culleredo

- 2 formacións en diferentes centros e recursos do Concello realizadas no mes de xuño. Estas versaron sobre diversas temáticas relacionadas co Traballo Social e a Nutrición.
- Participación de Ana Mato, vogal da Xunta Directiva da entidade, na actividade reivindicativa polo 8 de marzo, Día da Muller Traballadora.

4.4.3 UDC Saudable

- Alcer Coruña tivo presencia na **xornada de benvida ao alumnado** dos campus de Ferrol e da Coruña. Neste acto repartiuse información sobre a entidade e sobre a doazón de órganos ao alumnado interesado.

- Participación de Alfredo Saborido, vicepresidente da entidade, no X aniversario da UDC Saudable celebrado o 9 de decembro.

4.4.4 Proxecto ENKI

- Alcer Coruña participou un ano máis no proxecto ENKI. Nesta ocasión 12 persoas vencelladas á entidade participaron na carreira ENKI desfrutando dun día festivo para reinvindicar a Discapacidade.

4.4.5 Escola Universitaria de Traballo social (USC)

- Alcer Coruña participou na I Feira de Traballo Social coa colocación dunha mesa informativa.

5 COMUNICACIÓN

- **Alcer Coruña na prensa**

No resumo de prensa adxunto están todas as novas de Alcer Coruña do ano 2024.

- **Redes sociais de Alcer Coruña**

Durante o ano 2024 traballouse para chegar a un maior número de persoas a través da páxina web e das redes sociais de Alcer Coruña (Facebook, X e Instagram).

Asdo. Rafael Rodríguez Martínez

Firmado por ***3399** RAFAEL RAMON RODRÍGUEZ (R: ****5864*) el día 24/01/2025 con un certificado emitido por AC Representación

Presidente de Alcer Coruña

CLIPPING PRENSA

ANO 2024

Coruña Alcer
Asociación para a Loita Contra as Enfermidades de Ril

CLIPPING PRENSA

ANO 2024

“Dos muestras para abordar en Narón la historia del pueblo gitano y los derechos humanos”

Diario de Ferrol

Fecha:	30/01/2024	Audiencia:	52.500	Sección:	PROVINCIA
Vpe:	628 €	Tirada:	15.000	Frecuencia:	DIARIO
Vpe pág:	2.300 €	Difusión:	15.000	Ámbito:	PRENSA DIARIA
Vpe portada:	2.300 €	Ocupación:	27,32%	Sector:	INFORMACION GENERAL

do 2023, en el marco del Día de los Derechos Humanos. La edila de Benestar Social e Igualdade, María Lorenzo, hace hincapié en que "temos que continuar divulgando o importante traballo que realizan as asociacións e apoiándoas co fin de lograr esa tan necesaria igualdade plena na nosa sociedade, e dende Narón nesa liña continuaremos avanzando".

La concejala aprovechó para agradecer el trabajo realizado por Áurega, Cogami, Asociación Nuestra Señora de Chamorro, Asociación de Persoas Xordas de Ferrolterra, Aspanaes, Alcer, ASCM, Aspaneps, Teima Down Ferrol e Saúde Mental Ferrol, Eume e Ortegal y el Centro de Atención a Discapacitados Souto de Leixa.

La exposición en Odeón podrá visitarse hasta el 4 de febrero | CEDIDA

DATA: 30/01/2024

MEDIO: Diario de Ferrol

FORMATO: Dixital/Papel

Coruña Alcer Asociación para a Loita Contra as Enfermidades de Ril

CLIPPING PRENSA

ANO 2024

“Un encuentro celebrado en Afundación reivindica el legado y la obra de Concepción Arenal”

La Voz de Ferrol

Fecha:	06/02/2024	Audiencia:	20.786	Sección:	LOCAL
Vpe:	401 €	Tirada:	6.947	Frecuencia:	DIARIO
Vpe pág:	2.300 €	Difusión:	5.939	Ámbito:	PRENSA DIARIA
Vpe portada:	2.300 €	Ocupación:	17,42%	Sector:	INFORMACION GENERAL

Un encuentro celebrado en Afundación reivindica el legado y la obra de Concepción Arenal

FERROL / LA VOZ

La sede ferrolana de Afundación acogió, el pasado fin de semana, un encuentro sobre Concepción Arenal. Un congreso impulsado —con la colaboración de diversas entidades, entre las que están desde Alcer hasta Cogami—, por el patronato que impulsa la preservación del legado de la ilustre penalista ferrolana, una de las grandes pensadoras del país. Expertos de los más diversos ámbitos reivindicaron la vigencia del pensamiento de Concepción Arenal en un congreso que incluyó todo tipo de actividades. Entre ellas, una recreación teatral de su figura.

Publicación de inéditos

Durante la jornada vespertina del sábado, el letrado y profesor Juan Franco pidió, en su conferencia, que se acometa la publicación de los numerosos escritos de Concepción Arenal que todavía permanecen inéditos; y, además, propuso que el Concello de Ferrol dé el nombre de Concepción Arenal a la actual plaza de Armas para así «reconocer su gran aportación a la humanidad y compensar el escaso reconocimiento del que ha sido objeto su figura; un reconocimiento —señaló— que jamás ha estado a la altura de su legado».

Conferencia de Juan Franco, la jornada del sábado en Afundación. R. L.

DATA: 06/02/2024

MEDIO: La Voz de Ferrol

FORMATO: Dixital/Papel

Coruña Alcer
Asociación para a Loita Contra as Enfermidades de Ril

CLIPPING PRENSA

ANO 2024

“Alumnado de Enfermería de la USC recibe formación sobre la donación de órganos”

La Voz de Galicia

SANTIAGO

Alumnado de Enfermaría de la USC recibe formación sobre la donación de órganos

P. C.
SANTIAGO / LA VOZ

cedida

Nueve estudiantes del grado participaron en una sesión impartida por una técnica de Alcer Coruña y Ana Mato, voluntaria de la entidad y usuaria de hemodiálisis a la

DATA: 07/03/2024

MEDIO: La Voz de Galicia

FORMATO: Dixital/Papel

Coruña Alcer
Asociación para a Loita Contra as Enfermidades de Ril

CLIPPING PRENSA

ANO 2024

“De cooperante en India y África a impulsar el cambio desde Galicia”

La Voz de Santiago

Fecha:	07/03/2024	Audiencia:	35.000	Sección:	LOCAL
Vpe:	1.494 €	Tirada:	10.000	Frecuencia:	DIARIO
Vpe pág:	2.165 €	Difusión:	10.000	Ámbito:	PRENSA DIARIA
Vpe portada:	2.165 €	Ocupación:	68,99%	Sector:	INFORMACION GENERAL

Sensibilización en la USC

Un año más, la asociación para la lucha contra las enfermedades de riñón Alcer Coruña asistió a la facultad de Enfermaría de la USC para sensibilizar a su alumnado sobre la importancia de la donación de órganos. Nueve estudiantes del grado participaron en una formación impartida por una técnica de Alcer Coruña y **Ana Mato**, voluntaria de la entidad y usuaria de hemodiálisis a la espera de un doble trasplante de riñón y páncreas. Durante la actividad, y dada la proximidad de la celebración del Día Mundial del Riñón (el próximo jueves, día 14), también se abordó el tema del cuidado de la salud renal a través de hábitos de vida saludables y un seguimiento anual mediante analíticas.

Inauguración de la exposición de Tierra de Hombres en Área Central.

Formación de Alcer Coruña en el edificio Novoa Santos de Santiago.

DATA: 07/03/2024

MEDIO: La Voz de Santiago

FORMATO: Dixital/Papel

Coruña Alcer
Asociación para a Loita Contra as Enfermidades de Ril

CLIPPING PRENSA

ANO 2024

“La travesía Costa Serena abre este viernes el plazo de inscripción”

Atlántico

Fecha:	20/03/2024	Audiencia:	9.285	Sección:	DEPORTE
Vpe:	196 €	Tirada:	3.455	Frecuencia:	DIARIO
Vpe pág:	1.954 €	Difusión:	2.653	Ámbito:	PRENSA DIARIA
Vpe portada:	1.954 €	Ocupación:	10,01%	Sector:	INFORMACION GENERAL

La travesía Costa Serena abre este viernes el plazo de inscripción

NATACIÓN

REDACCIÓN. VIGO
deportesad@atlantico.net

La travesía a nado Costa Serena-Gran Premio Concello de Nigrán abrirá el próximo viernes el plazo de inscripción para su decimosexta edición, que se celebrará el domingo 7 de julio en Praia América y en la que la organización espera reunir a más de 500 deportistas, entre niños y adultos, en los cinco recorridos que se disputarán.

Las inscripciones podrán realizarse hasta el 3 de julio en la página web championchipnorte.com y el reglamento de la prueba está disponible en travesiaanadocostaserena.es. Como novedad, en esta ocasión los participantes empadronados en Nigrán tendrán un descuento de 3 euros. Además, la organización colaborará con la Federación Alcer Galicia recaudando fondos entre los nadadores que se inscriban para programas de atención a menores y atención a personas con enfermedad renal.

DATA: 20/03/2024

MEDIO: Atlántico

FORMATO: Dixital/Papel

Coruña Alcer
Asociación para a Loita Contra as Enfermidades de Ril

CLIPPING PRENSA

ANO 2024

“Deporte comprometido”

La Voz de Santiago

Fecha: 20/03/2024 | Audiencia: 35.000 | Sección: LOCAL
Vpe: 1.501 € | Tirada: 10.000 | Frecuencia: DIARIO
Vpe pág: 2.165 € | Difusión: 10.000 | Ámbito: PRENSA DIARIA
Vpe portada: 2.165 € | Ocupación: 69,32% | Sector: INFORMACION GENERAL

Alcer Coruña instaló dos mesas informativas en el estadio del Compos durante el partido del domingo, en el que se repartieron más de 700 dípticos sobre la donación de órganos entre la afición. Para ello contaron con la ayuda de dos voluntarios, tres representantes de la junta directiva y otros dos técnicos de la entidad.

PACO RODRÍGUEZ

DATA: 20/03/2024

MEDIO: La Voz de Santiago

FORMATO: Dixital/Papel

Coruña Alcer
Asociación para a Loita Contra as Enfermidades de Ril

CLIPPING PRENSA

ANO 2024

“Dez asociacións difunden o seu labor na terceira edición da Feira de Saúde e Ben-Estar en Ames”

elCorreoGallego

Fecha: 14/04/2024 | Audiencia: 13.860 | Sección: LOCAL
Vpe: 822 € | Tirada: 4.635 | Frecuencia: DIARIO
Vpe pág: 4.200 € | Difusión: 3.960 | Ámbito: PRENSA DIARIA
Vpe portada: 4.200 € | Ocupación: 19,57% | Sector: INFORMACION GENERAL

Dez asociacións difunden o seu labor na terceira edición da Feira da Saúde e Ben-Estar en Ames

REDACCIÓN
Ames

A Feira da Saúde e Ben-Estar de Ames xuntou na praza da Maia, en Bertamiráns, á Asociación Española contra o Cancro, Alcer, Anedia, Acem, Fonte da Virxe, Alcohólicos Anónimos, Alanon, Conartrites, Asanog e Aeppna, dez colectivos que informaron aos asistentes sobre o seu labor. O encontro complementouse con charlas e faladoiros na Casa dos Maiores, nas que se abordaron temas como a sexualidade no eido das patoloxías crónicas, a menopausia e as accións de Alcohólicos Anónimos.

Houbo tamén obradoiros, unha sesión de TaiChi e unha ruta de marcha nórdica. Ademais, a xunta local da Asociación Española contra o Cancro de Ames participou con dúas exposicións e cunha charla sobre o cancro de mama.

O alcalde, Blas García, destacou que “esta feira é un evento marca Ames. Gústanos ir sempre máis alá e poñer a persoa no centro das políticas”. A concelleira de Promoción da Saúde, Susana Señoris, subliñou que “pretendemos darlle visibilidade a todas estas entidades”.

O alcalde, Blas García, inaugurou a feira da saúde / C. DE AMES

DATA: 14/04/2024

MEDIO: elCorreoGallego

FORMATO: Dixital/Papel

Coruña Alcer
Asociación para a Loita Contra as Enfermidades de Ril

CLIPPING PRENSA

ANO 2024

“As entidades sociais concéntranse para sensibilizar á poboación sobre a X solidaria da Renda”

Diario de Ferrol

Fecha: 12/04/2024 | Audiencia: 52.500 | Sección: LOCAL
Vpe: 440 € | Tirada: 15.000 | Frecuencia: DIARIO
Vpe pág: 2.300 € | Difusión: 15.000 | Ámbito: PRENSA DIARIA
Vpe portada: 2.300 € | Ocupación: 19,11% | Sector: INFORMACION GENERAL

As entidades sociais concéntranse para sensibilizar á poboación sobre a X solidaria da Renda

REDACCIÓN FERROL

A fonte do Cantón de Molíns foi o lugar escollido por numerosas entidades sociais da cidade para concentrarse e así sensibilizar á poboación sobre o que representa para todas elas o feito de que os contribuíntes teñan presente o seu traballo a hora de formular as súas declaracións da Renda. As entidades representadas foron Cogami, Alcer, Asotrame, Aspanemi, Parkinson Ferrol, Afal, Down Teima Ferrol, Saúde Mental Eume e Ortegal e Fundación Secretariado Gitano.

Para todas é moi importante esta campaña porque cos fondos recadados a través do 0,7% do IRPF, as entidades poden desenvolver programas dirixidos a persoas con discapacidade e familias, teleasistencia, atención a mulleres con cancro, etc.

Na imaxe, parte dos convocantes no Cantón de Molíns, onte | JORGE MEIS

DATA: 12/04/2024

MEDIO: Diario de Ferrol

FORMATO: Dixital/Papel

Coruña Alcer
Asociación para a Loita Contra as Enfermidades de Ril

CLIPPING PRENSA

ANO 2024

